

**GALICIA E AMÉRICA UNIDAS POLA RADIO: A PRIMEIRA
RETRANSMISIÓN ENTRE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BOS
AIRES (18 DE DECEMBRO DE 1932)**

**The first broadcast between Santiago de Compostela
and Buenos Aires**

JESÚS JOSÉ BLANCO ROSAS

Universidade de Vigo

Recibido: 04/07/24

Aceptado: 31/10/24

Resumo

A primeira conexión radiofónica internacional entre Santiago de Compostela e Bos Aires, o 18 de decembro de 1932, foi moito máis que un milagre técnico con certa repercusión social a nivel galego. No ámbito da comunicación supuxo o punto de partida para a posterior implantación da primeira rede de emisoras galegas, da man de Unión Radio. Alén mar, creou un referente na memoria colectiva dos galegos de como o medio radiofónico podía servir eficazmente como instrumento artellador das inquedanzas e intereses de todos os galegos, ó salvar as barreiras, non só da distancia física senón tamén da alfabetización, coa maxia da palabra. A nivel político amosou a súa eficacia como medio de masas, ó levar a mensaxe da asemblea de Concellos Pro-Estatuto a tódolos galegos. Porén, tamén é certo que esas favorables contribucións percibíronse con maior claridade có paso do tempo, mentres que no momento en que acontecían só determinados medios especialmente interesados

Abstract

First international broadcast connection between Santiago de Compostela and Buenos Aires, on December 19, 1932, was much more than a technical miracle with true social repercussions at the Galician level. In the area of communication, it was the starting point for the subsequent implementation of the first website for Galician radio stations, proposed for Unión Radio. On the other side of the sea, a reference was created in the collective memory of the Galician people of how radio media could effectively serve as an instrument to articulate the concerns and interests of all Galicians, by overcoming the barriers not only of physical distance but also of literacy with the magic of the word. At the political level it showed its effectiveness as a mass media, by carrying the message of the Assembly of Pro-Statute Town Councils to all Galicians. But, it must also be recognized that these favorable contributions are perceived more clearly with the passage of time, while at the moment of

na difusión do evento, *El Eco de Santiago* na capital compostelá e o xornal *Galicia*, no Centro Galego de Bos Aires, lle prestaron a atención que merecía. De feito, non tódalas valoracións realizadas trala retransmisión serían favorables, chegándose a cualificar en determinadas informacións xornalísticas de estrepitoso fracaso. Datos reveladores que se amosan neste breve traballo coa finalidade de ofrecer unha visión máis viva e realista de como se viviu o acontecemento no tempo en que se estaba a desenvolver.

Palabras clave: Radiodifusión, Galicia, Historia, Emigración, Arxentina.

producing. Then only certain newspapers especially interested in the dissemination of the event, *El Eco de Santiago*, in the capital of Galicia, and the magazine *Galicia*, in Centro Galego de Bos Aires, gave him the right amount of attention. In fact, not all the evaluations made after the transmission would be favorable, going so far as to describe certain journalistic reports as a resounding failure. Revealing data shown in this brief work with the purpose of offering a more vivid and real vision of how the event was experienced at the moment it happened.

Galicia e América unidas pola radio: A primeira retransmisión entre Santiago de Compostela e Bos Aires (18 de decembro de 1932)

O 18 de decembro de 1932 tería lugar a primeira retransmisión radiofónica en directo entre Santiago de Compostela e Bos Aires, todo un fito comunicativo que marcaría o comezo da era da radiodifusión en Galicia e que pode considerarse tamén o punto de partida da radio galega no exterior. Trátase, de feito, dunha das primeiras conexións internacionais da historia da radiodifusión e a segunda de España, onde o precedente o constitúe unha mensaxe dirixida polo presidente da II República española, Niceto Alcalá Zamora, ós emigrantes españois a través de Unión Radio¹.

Os galegos ambas beiras do Atlántico que foron testemuñas do acontecemento, comprobaron abraizados como as distancias entre continentes se diluían, como se os milleiros de quilómetros que separaban a capital porteña da galega non existiran realmente. A colectividade galega de Bos Aires puido así escoitar en directo, a través dos seus aparellos de radio, as badaladas da Catedral de Santiago e, de seguido, a voz do alcalde compostelán, Raimundo López Pol, dando conta da asemblea de concellos na que se aprobou levar a trámite ante as Cortes españolas o primeiro Estatuto de autonomía para Galicia. Os galegos da metrópole, á súa vez, recibían como se estivera a carón deles, o emocionado saúdo co que o secretario e o presidente do Centro Galego de Bos Aires correspondían ás verbas do rexedor compostelán.

A histórica retransmisión era o resultado dun ambicioso despregue loxístico e técnico no que se requiriu a colaboración conxunta dos gobernos de Arxentina e España e a implicación directa das principais entidades de radio e telefonía de ambos países: a Compañía Telefónica Nacional de España, a Compañía Internacional de Radio, a Unión Telefónica del Río de la Plata e a emisora bonaerense *Radio Splendid*².

A tendencia xeneralizada entre os poucos investigadores que se achegaron a estes acontecementos é tratar esta primeira conexión con América como un fenó-

1 Niceto Alcalá Zamora, primeiro presidente da II República española, pronunciara este discurso o 14 de abril de 1931 por Unión Radio para informar á poboación da metrópole e do exterior sobre os cambios que ía supoñer a instauración do novo sistema político, así como das medidas principais que adoptaría o seu goberno. O texto completo deste discurso publicouse a partir da transcripción orixinal na revista *Cuadernos Republicanos*, 42 (abril de 2000), pp. 7-8. A referencia de que esta conexión era o único precedente en España á interconexión de Santiago con Bos Aires corresponde a un artigo publicado en *El Eco de Santiago*. “A los gallegos de América” (17 de decembro de 1932). *El Eco de Santiago*, p. 3.

2 *El Eco de Santiago* (20 de decembro de 1932). Como é de supoñer a información cos detalles técnicos da retransmisión entre Santiago e Bos Aires publicouse o día seguinte de producirse, de aí que a data sexa posterior.

meno illado, case podería dicirse que pechado en si mesmo, esquecendo que forma parte dunha serie de proxectos que se moven tanto no ámbito estritamente comunicativo coma no político. Os días 17, 18 e 19 de decembro tivera lugar na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago³ unha asemblea de concellos que, como se indicou, tiña como obxectivo decidir sobre a solicitude ás Cortes republicanas dunha petición para que se tramitara o proxecto dun Estatuto de Autonomía para Galicia. Nunha iniciativa que non contaba con precedentes en Galicia, a compañía Unión Radio emitiu as sesións durante os tres días consecutivos que durou o proceso, establecéndose no último a conexión con América para dar conta da sesión de clausura⁴. Tratábase por tanto dunha campaña propagandista promovida polas forzas políticas que apoiaban o proceso estatutario, que nestes momentos tiñan a súa principal representación na Organización Galega Autónoma (ORGA), co fin de crear unha opinión favorable entre a poboación que logo se traducira nas urnas. O feito de facer unha conexión con América na sesión de clausura tiña a clara finalidade de resaltar a solemnidade e a importancia do cambio territorial que se estaba a promover, ademais de dalo a coñecer entre a colectividade.

O aproveitamento do sistema radiofónico polo galeguismo durante a II República é un feito sobre o que xa chamaba a atención o historiador da Universidade de Santiago, Xavier Castro, na súa tese de doutoramento, onde ademais de salientar o importante papel que representou na difusión da propaganda pro estatutaria⁵ aseguraba que este medio fora “profusamente utilizado” en Pontevedra e Santiago para promocionar os cursos e conferencias que organizaba este sector político⁶. Esta opinión é compartida polo tamén historiador Ángel Luís Hueso, cando afirma que os medios audiovisuais da época (cinema e radio) xogaron un papel moi importante como vehículo de difusión ideolóxica na campaña do Estatuto de Autonomía, que ocupou un lugar privilexiado nos seus contidos⁷. A pesar da súa relativamente recente implantación esta utilización propagandístico-electoral da radio, xa contaba con precedentes en España, pois tivera unha destacada presenza coa instauración da República retransmitindo mitins, conferencias, sesións de or-

3 Como se verá máis adiante, a sede na que estaba programada inicialmente a celebración da asemblea era a Facultade de Filosofía e Letras, no mesmo edificio que ocupa na actualidade a Facultade de Xeografía e Historia, pero uns días antes cambiouse pola de Medicina polas inadecuadas condicións do outro inmoible.

4 CASTRO PÉREZ, Xavier (1985): *O Galeguismo na encrucillada republicana*. Vol. II, Deputación Provincial de Ourense, p. 601.

5 Non só neste acontecemento senón en tódolos momentos clave nos que as forzas galeguistas trataron de impulsar a súa implantación durante a República.

6 CASTRO PÉREZ, Xavier (1985), p. 558.

7 HUESO MONTÓN, Ángel Luís (1990): “Los medios audiovisuales en la campaña del Estatuto de 1936”, *Museo de Pontevedra*, tomo XLI, Pontevedra, p. 757.

ganismos oficiais, declaracións de políticos e outros actos que se moven no mesmo ámbito⁸.

Como se apuntou, en termos estritamente radiofónicos, a retransmisión do debate celebrado en Santiago constituíu un primeiro paso para acometer a creación da primeira emisora de radio coa que contaría Galicia, a partir da cal se configuraría a rede de emisoras para todo o territorio galego. Desde esta perspectiva pode considerarse unha sorte de experiencia piloto para avaliar o funcionamento dunha estación que inicialmente se proxectaba inaugurar en Santiago e que despois decidiu pospoñerse. De feito, a emisora como tal non empezou a funcionar ata xaneiro de 1933, cando a penas transcorreran dúas semanas desde a retransmisión dos actos programados pola asemblea de concellos.

Na transcendencia que tradicionalmente se lle atribúe a esta primeira conexión entre Santiago e Bos Aires e a súa mitificación posterior tivo moito que ver a importante repercusión social que alcanzou o acontecemento radiofónico en si mesmo, pero sobre todo a súa ligazón coa campaña a favor do Estatuto de Autonomía, considerada tamén daquela un acontecemento histórico fundamental para a evolución política de Galicia. Nesta liña resulta revelador o feito de que esta primeira utilización da radio en Galicia respondera a fines tan manifestamente políticos, así como o seu estreito vincallo coas aspiracións autonomistas dunha parte da sociedade, xa que ambos elementos tamén estarían presentes na práctica totalidade dos fitos radiofónicos protagonizados polos galegos tanto na metrópole como alén mar.

O tratamento informativo que recibiu a retransmisión na prensa galega da época foi bastante desigual. *El Eco de Santiago*, principal cabeceira de referencia para a poboación compostelán por aqueles anos, que como se puido ver se amosaba favorable á campaña pro estatutaria a pesar de tratarse dunha cabeceira conservadora e católica⁹, realizou un seguimento minucioso da retransmisión, dedicándolle extensas crónicas e reportaxes que recollen unha detallada descrición do acontecemento: requisitos técnicos e loxísticos, descrición pormenorizada dos actos da retransmisión, reaccións dos oíntes de ambas beiras do Atlántico e outras informacións diversas en relación có evento. En comparación coa cobertura do voceiro compostelán, o seguimento que fixeron os demais xornais galegos de grande tiraxe resulta moi marxinal, case anecdótico. A adscrición territorial das diferentes cabeceiras podería explicar en parte este comportamento. Así, *El Eco de Santiago* era, como se indicou, o voceiro oficial da capital galega e dado que tódolos actos relacionados coa retransmisión estaban centralizados en Santiago, parecía

8 HUESO MONTÓN, Ángel Luís (1990), p. 757.

9 CASTRO PÉREZ, Xavier (1985), p. 552.

de obrigado cumprimento outorgarlle unha atención especial. Porén, *Faro de Vigo* e *Pueblo Gallego* focalizábanse maiormente en Vigo e a súa contorna, e os asuntos relacionados con Santiago tiñan escasa entidade nas súas páxinas.

Entre a prensa da emigración, unha das publicacións que lle dedicou máis espazo a este evento foi a revista *Galicia*, voceiro oficial do Centro Galego de Bos Aires, que por aqueles anos tiña unha tirada de 35.000 exemplares, o que a convertía en líder de difusión dentro da prensa societaria e principal referente para a colectividade. Tamén cubriu a retransmisión, aínda de forma menos ambiciosa, o xornal *La Voz de Galicia* de Bos Aires, dedicándolle novas e reportaxes puntuais que se publicaron con posterioridade. Os xornalistas Torreira e Lence foran quen contribuíran desde estas cabeceiras á difusión do tema, asinando algúns dos artigos máis destacados. O feito de dispor de testemuñas xornalísticas da diáspora e da Galicia territorial constitúe un privilexio para os investigadores ó permitirlles contrastar as visións particulares desta experiencia en ambas beiras do Atlántico.

1. Unha complexa tramitación

Como se indicou con anterioridade, a organización dun fito comunicativo desta magnitude requiriu a participación conxunta das principais compañías de radio e telefonía de Arxentina e España, o que á súa vez orixinaba a necesidade de resolver numerosas trabas burocráticas a nivel internacional. Precisouse para elo da intervención dun nutrido grupo administrativos, diplomáticos e xestores de ambos países. *El Eco de Santiago* menciona entre as autoridades españolas que máis contribuíron coas súas xestións a facer posible o ambicioso proxecto ó Ministro da Gobernación, Casares Quiroga, ó Director Xeral da Compañía Nacional Telefónica de España, identificado como “señor Rico”, e ó xefe da Central Telefónica da cidade de Santiago, o “señor Farallón”, a quen desde o voceiro compostelán lle quedaban especialmente agradecidos pola dilixencia e rapidez coa que atendía todas as indicacións relacionadas cos trámites que supuxo artellar esta iniciativa¹⁰.

Dado o papel que ía desenvolver Santiago como sede central da asemblea de municipios, nomeouse unha comisión a nivel municipal que se encargaría de organizalo todo. Sería por tanto esta comisión quen asumira tamén a difusión radiofónica da asemblea como unha parte máis de todo o aparato propagandista orientado a acadar unha maior difusión e impacto social do acontecemento. Rai-

10 “A los gallegos de América. El lunes hablará el alcalde a los gallegos de América. Oirán ‘a nosa gaita’ y la Banda Municipal y, por último, las campanas de la Catedral” (17 de decembro de 1932), *El Eco de Santiago*, p. 3.

mundo López Pol, Alcalde de Santiago nos anos iniciais da República¹¹ e un dos principais defensores do Estatuto de Autonomía galego, asumiu persoalmente a coordinación das retransmisións que recolleron as sesións asemblearias nos tres días consecutivos nos que estas se desenvolveron. As páxinas de *El Eco de Santiago* salientaban a este respecto que a retransmisión con América fora unha iniciativa do rexedor compostelán, co fin de aproveitar as grandes posibilidades que ofrecía a radio para promover unha opinión favorable a esta reivindicación política. Pretendíase con elo levar a mensaxe a tódolos galegos, tamén ós que integraban a colectividade emigrada¹², quen imbuídos do impacto emocional que cabía esperarse de tal acontecemento non dubidarían en apoiar a causa facéndoa máis forte:

El señor López Pol, a pesar de la gran actividad que tuvo que echar mano en todo tiempo de la elaboración del Estatuto, pero principalmente en estos últimos días, no ha olvidado a nuestros hermanos de América y suponiendo el momento de indescriptible emoción que tendrían si llegase a ellos la última palabra de la Asamblea de Municipios gallegos y las siegres notas de la gaita y las solemnes y severas de nuestro himno, y más aún al oír el sonar de la Campana grande de las horas¹³.

A iniciativa supuxo non poucas dificultades, sobre todo considerando que neses anos a radiodifusión estaba a dar os seus primeiros pasos e que as conexións radiofónicas desta magnitude, é dicir, internacionais e mesmo aínda intercontinentais, contaban con moi poucos precedentes¹⁴. Todo elo obrigou a que a nivel burocrático houbera que resolver múltiples trámites entre España e o goberno arxentino, o que contribuíu a demorar a execución do proxecto por espazo de varios meses.

Unha das decisións máis importantes a tomar consistía escoller o empraçamento axeitado para o desenvolvemento dos actos da asemblea, así como a retransmisión prevista para a xornada de clausura. Inicialmente, segundo consta nun anuncio difundido pola Comisión Organizadora da asemblea en xullo de 1932, pensouse no edificio central da Universidade, onde se encontraba a Facultade de

11 Raimundo López Pol fora o primeiro Alcalde que tivo a cidade de Santiago durante a II República, a súa lexislatura abrangue desde 1931 ata os sucesos de outubro de 1934. BERAMENDI, Justo: “De la Dictadura a la Democracia (1936-2000)”, en PORTELA, Ermelindo (Coord. 2003): *Historia de la ciudad de Santiago de Compostela*. Universidade de Santiago de Compostela, p. 556.

12 Justo Beramendi salientaba o destacado papel de López Pol e do activo concelleiro Rafael Leloup na promoción do Estatuto de Autonomía a nivel municipal. BERAMENDI, Justo (2003), p. 480.

13 “A los gallegos de América...” (17 de decembro de 1932), *El Eco de Santiago*, p. 3.

14 Como xa se indicou, *El Eco de Santiago* informaba a este respecto sobre que só houbera dúas ou tres semellantes no mundo e que esta era a segunda en España.

Filosofía e Letras¹⁵, pero cando apenas quedaban dúas semanas para que se producira o acontecemento o mal estado que presentaba o edificio e as obras de restauración que se estaban a realizar nel levaron ó Alcalde a propoñer o desprazamento das sesións á Facultade de Medicina, onde se habilitarían varias aulas para acoller os diferentes actos. Este edificio, de máis recente creación, presentaba un estado saudable e reunía tódolos requisitos, o que o convertía no emprazamento idóneo. Así o comunicaba o Alcalde de Santiago ó reitor do organismo académico quen, tras previa autorización da Xunta de Goberno, acordou a celebración dos actos os días 16, o 17 e o 18 de decembro¹⁶.

Coa finalidade de que as sesións da asemblea acadaran a maior difusión posible, nun primeiro momento barallouse a creación dunha emisora en Santiago desde a que se retransmitirían as sesións da asemblea, que culminaría os actos cunha conexión internacional entre a capital compostelá e o Centro Galego de Bos Aires. Para elo, a Comisión Organizadora solicitou información sobre custes e instalacións ás principais entidades do sector da radiotelefonía. Unha desas entidades era Philips Radio, que no mes de novembro remitiu un orzamento para a instalación de equipos micro amplificadores e unha estación transmisora no que se contemplaban dúas propostas en función do seu custe¹⁷.

A primeira e máis ambiciosa comprendía unha instalación amplificadora microfónica con proxectores de son con capacidade para 6.000 persoas, unha instalación transmisora que tivera como mínimo 200 vatios de potencia en antena e lonxitude de onda de 200 a 250 metros, para escoitala con calquera dos receptores de radiotelefonía en uso, equipo microfónico co seu correspondente preamplificador para a retransmisión de concertos, discursos, conferencias e outros actos similares e, por último, dispositivos de enlace automático para a reprodución de discos fonográficos. O prezo de aluguer durante o tempo de utilización pola asemblea, incluíndo custes de persoal técnico para o seu manexo, material para instalacións e outros pormenores ascendía a 8.300 pesetas, unha cantidade que tal vez os organizadores consideraron demasiado elevada, polo que Philips tivo a previsión de incluír unha segunda alternativa máis económica. Neste caso tratábase da mesma instalación amplificadora, pero a estación transmisora operaría a nivel local, escoitándose unicamente en Santiago por medio dos aparellos receptores existentes,

15 Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos (IPSEG), *Fondos del Estatuto de Autonomía* (FEA), caixa 2. “Asamblea preparatoria sobre el Estatuto Gallego. Anuncio” (5 de xuño de 1932), asinado polo Secretario da Comisión Organizadora.

16 IPSEG, FEA, caixa 4. Carta do Alcalde de Santiago de Compostela ao reitor da Universidade de Santiago, 6 de decembro de 1932.

17 IPSEG, FEA, caixa 1, carpeta 11, doc. 1. “Presupuesto para instalaciones de equipo microamplificador y estación microtransmisora para la Asamblea del Estatuto de Galicia”, presentado por Rodrigo Rodríguez Santiago (agencia oficial de Philips Radio), 24 de novembro de 1932.

o que rebaixaba o seu custe a 4.200 pesetas. En ambos casos Phillips Radio non se faría cargo do custe de fluído eléctrico, se ben podían adiantar o seu pago, que posteriormente sufragaría o Concello e non debía superar as 5 pesetas por hora. Conscientes dos custes de toda a operación a compañía tratou de dar facilidades de pago, de modo que se a Comisión Organizadora optaba polo primeiro orzamento establecíanse dúas entregas de 1.150 pesetas, a primeira ó aceptarse esta oferta e a segunda cando se entregaran as instalacións. Os pagos das cantidades restantes realizaríanse en 12 mensualidades de 500 pesetas cada unha. No caso de escoller o segundo orzamento as cantidades estipuladas anteriormente reduciríanse á metade, manténdose os mesmos prazos.

A Compañía Nacional Telefónica tamén sería consultada pola referida Comisión sobre a posibilidade de instalar unha estación de radio de 300 vatios para retransmitir as sesións da asemblea estatutaria. Sobre esta cuestión informaba un memorando da referida entidade, datado o 30 de novembro, no que se anunciaba a pronta remisión dun orzamento cos custes económicos de toda a operación¹⁸. Pero a creación da emisora non se levou a efecto, polo menos non nese momento, aínda que si se mantivo o proxecto para retomalo máis adiante. A pesar de todo, a Comisión Organizadora quería retransmitir por radio as sesións asemblearias e para elo requiríase o establecemento de comunicación por fíos, polo tanto a Compañía Telefónica volveu a entrar en escena. O rexedor compostelán contactou de novo co director da entidade, Gumersindo Rico, solicitándolle “en nome dos municipios galegos” o tempo de conexión necesario para cumprir co programa previsto, que inicialmente se estimaba breve. A resposta lle chegou o 17 de decembro mediante un “telefonema” no que este lle expresaba a súa vontade de facilitar toda a operación de forma gratuíta. As razóns de tan xeneroso ofrecemento xustificábanas con estas verbas:

A tan simpático fin ofrecemos gratuitamente nuestras comunicaciones, orgullosos de que la amplitud y perfección de nuestro sistema telefónico permita cooperar acercamiento espiritual de tan privilegiada región con sus hijos residentes en otro continente (...) Háyase todo dispuesto para transmitir territorio República Argentina¹⁹.

Nada máis coñecer a nova, López Pol telegrafou ós centros galegos “máis importantes” de América para anunciarlles que xa sería posible a emisión do programa. A revista *Galicia*, Boletín do Centro Galego de Bos Aires, deixou constancia nas

18 IPSEG, FEA, caixa 1, Carpeta H, doc. 3. “Memorandum de la Compañía Telefónica Nacional de España”, 30 de novembro de 1932.

19 IPSEG, FEA, caixa 4. Telefonema remitido polo director da Compañía Nacional Telefónica, Gumersindo Rico, ao Concello de Santiago de Compostela, no que se comunica a concesión gratuíta da comunicación telefónica con América, 17 de decembro de 1932.

súas páxinas da correcta recepción deste “cablegrama”, no que se lles comunicaba a nova pola que agardaban con interese desde a primeira vez que se propuxo levar adiante este proxecto. Salientaba que, a pesar das dificultades técnicas e humanas que carrexaba a retransmisión, a súa consecución no fora unha sorpresa para a colectividade, pois existía o convencemento de que se produciría, especialmente considerando a transcendencia do proxecto estatutario para todos os galegos: “Parecía como si una voz interior nos lo hubiera comunicado, tan grande era nuestra compenetración con esos instantes solemnes en los que se iba a debatir un asunto de trascendental importancia para la vida de la región”²⁰. A comunicación lles chegou só un día antes da transmisión, con tan pouco marxe que a penas lles quedou tempo para poñer ó corrente ós seus asociados, o que trataron de facer apresuradamente, deixando constancia do acto coa colocación de varias *lousas* no local do Centro Galego nas que se transcribía o teletipo do Alcalde ó tempo que o difundían a través da prensa²¹.

A pesar do abaratamento dos custes en determinados apartados e o apoio de organizacións e grupos políticos pro estatutarios, o certo é que tanto a organización dos actos da asemblea como da retransmisión radiofónica supuxeron un investimento importante para as arcas da Comisión organizadora, que tamén eran en parte as arcas municipais, e así o testemuñan as partidas orzamentarias dos investimentos realizados para a organización do evento, uns custes que ascendían a 11.491 pesetas²². Habería que engadirllles ademais outros conceptos que non aparecían consignados nos orzamentos municipais, porque seguramente non correspondían ó concello, como son dereitos internacionais, equipamentos técnicos e, sobre todo, a contratación de traballadores expertos na instalación e o manexo deses “delicados aparatos”, dos que non se dispuña en Galicia, pois houbo que traelos desde Madrid²³.

2. Requisitos loxísticos e técnicos

O ambicioso despregue tecnolóxico realizado para facer efectiva a conexión entre Galicia e América contaba, como se indicou, con poucos precedentes en Europa

20 “Galicia ante su autonomía” (xaneiro de 1933). *Galicia. Revista oficial del Centro Gallego de Buenos Aires*, p. 5.

21 *Ibidem*.

22 IPSEG, FEA, carpeta solta sen catalogar. Estatuto de Galicia. “Relación de cuentas pagadas y pendientes de pago hasta el día de la fecha”, 31 de xaneiro de 1933.

23 “A los gallegos de América...” (17 de decembro de 1932), *El Eco de Santiago*, p. 3.

e América e só con un en España²⁴, onde tanto a radio como a telefonía constituían avances novidosos que estaban a dar aínda os seus primeiros pasos. Por elo, resulta perfectamente comprensible que os equipamentos técnicos espertaran tanta curiosidade no público como a propia transmisión en si mesma. Con todo, o tratamento foi desigual en Galicia e América, pois mentres *El Eco de Santiago* realizara unha cobertura exhaustiva e minuciosa desta parte da información, a revista *Galicia* só se ocupaba superficialmente dos aspectos técnicos na ampla reportaxe que lle dedicou á retransmisión algúns días despois de producirse. Tal vez no país porteño considerouse que os detalles de tipo técnico non tiñan moita relevancia nunha sociedade que xa estaba bastante familiarizada co medio radiofónico e as súas peculiaridades, mentres que en Galicia, onde aínda se estaban a dar os primeiros pasos para o asentamento da radio, esta era unha información que suscitaba moito interese.

A información na que *El Eco de Santiago* trata máis amplamente este apartado correspóndese cunha crónica publicada un día despois do histórico acontecemento. O xornal cualificaba de “interesantísima” a complexa instalación que se distribuía a grandes trazos en dúas estruturas comunicativas enlazadas entre si:

1ª. Comunicación por hilos metálicos entre Santiago y Madrid, de tal forma que la corriente microfónica engendrada en el micrófono al hablar el señor Alcalde fue amplificadas sucesivamente en las centrales de Lugo, León, Valladolid y Madrid, al objeto de compensar el amortiguamiento producido por la resistencia de la línea.

2º. Comunicación radiotelefónica ente Madrid y Buenos Aires para lo cual en Madrid se efectuó la conexión de la línea de Santiago, por la cual habló el señor Alcalde, con la de Buenos Aires, por medio de un equipo terminal al cual afluyen las corrientes de este último punto, y de aquí, mediante la estación transmisora, cuya potencia es de 20 kilowatios, con longitud de onda de 14,38 metros y mediante el sistema de ondas dirigidas se cruzó el Atlántico desde una distancia de 10.050 kilómetros para enlazar nuevamente, mediante líneas telefónicas, al estudio de la Compañía Radio Splendix que radió en onda de difusión para los países americanos²⁵.

Cada unha das entidades que participaban na retransmisión realizou un importante despregue técnico e humano²⁶, distribuíndo ó persoal especializado polos distintos emprazamentos que conformaban o complexo quebracabezas mediá-

24 “A los gallegos de América”, p. 3.

25 “El alcalde de Santiago saluda a nuestros paisanos de América y le contesta el Presidente del Centro Gallego de Buenos Aires” (19 de decembro de 1932). *El Eco de Santiago*, p. 1.

26 “Más detalles de la comunicación con América” (23 de decembro de 1932). *El Eco de Santiago*, p. 2

tico. En Lugo, León, Valladolid e Madrid situouse a persoal específico para realizar o control dos amplificadores. Na capital estatal dispúxose ademais persoal de radio nos equipos Terminal de Madrid e na estación transmisora de Pozuelo del Rei. En Santiago, unha brigada de doce homes encargaríase da instalación Central no local da asemblea e dos locutorios de prensa, onde ademais se dispuxeron dous inspectores de tráfico, en previsión da concentración de vehículos que puidera xerar unha grande afluencia de público. O despregue na capital galega completábase coa instalación de micrófonos en tres localizacións estratéxicas da cidade: un na torre do reloxo da Catedral, co fin de recoller o son da campá; outro para que falara o Alcalde e un terceiro para captar os sons da gaita e do himno de Galicia executado pola Banda Municipal. Para facilitar o mais posible a comunicación no local da asemblea promoveuse a instalación de teléfonos en tódalas estancias onde se desenvolvían as diversas actividades; no Salón de Sesións e na plantaba baixa, onde se instalara unha sá para o público e nos xa referidos locutorios para a prensa. Coa finalidade de que a cidadanía puidera estar ben informada, estableceuse un servizo especial de “Información Urbana” durante os días 17, 18 e 19, de modo que marcando o 03 calquera persoa puidera coñecer en todo momento o programa dos actos, celebracións e bonificacións ós asembleístas que quixeran asistir como público, tanto no hotel como en transportes.

De forma paralela, no Centro Galego de Bos Aires dispuxéronse varios altofalantes que permitirían escoitar a retransmisión ó público congregado o día 19 no salón de actos²⁷. O obxectivo deste complexo enramado comunicativo, ademais de acadar uns niveis axeitados de calidade na transmisión das sinais sonoras, era que a sensación de directo, de inmediatez, fose percibida polos oíntes de alén mar como unha realidade:

Con todo este sistema de comunicación se consigue el mismo efecto que si el señor Alcalde se hubiera trasladado al estudio de la emisora en Buenos Aires, pero con la particularidad de que la comunicación entre Madrid y Buenos Aires se realiza mediante dispositivos instalados al efecto que invierten las frecuencias²⁸.

Dirixindo a comunicación desde Santiago, estaría o director do Distrito, Rafael Abren, a quen acompañaban o avogado, Cipriano Rico, o xefe de teléfonos da poboación e o encargado do control de Radio Madrid, a quen se refiren coma o “señor Regidor”. Na outra beira do Atlántico, en Radio Splendid de Bos Aires, coordinaban o operativo Rodríguez González e Vía Golpe, presidente e secretario

27 “Galicia ante su autonomía. Un noble gesto de nuestros hermanos de allá. Transmisión radiofónica” (xaneiro de 1933). *Galicia. Revista oficial del Centro Gallego de Buenos Aires*, p. 5.

28 “El alcalde de Santiago saluda a nuestros paisanos de América y le contesta el Presidente del Centro Gallego de Buenos Aires” (19 de decembro de 1932). *El Eco de Santiago*, p. 1.

respectivamente do Centro Galego, que serían os encargados de responder por vía telefónica ás verbas de López Pol.

3. A retransmisión paso a paso

As informacións difundidas pola prensa da época parecen confirmar que houbo unha grande expectación social entre os galegos de ambas beiras do Atlántico en torno a conexión entre Santiago de Compostela e Bos Aires. A curiosidade inicial que espertaba o acontecemento, suscitada en parte polo seu carácter inédito, pero tamén pola súa significación a nivel político, foi transmutándose en interese crecente nos días sucesivos e chegou ó seu punto culminante o 19 de decembro, cando se levou definitivamente a efecto.

O relato de como se viviu este fito comunicativo coñécese con bastante precisión polas reportaxes publicadas na prensa, principalmente por *El Eco de Santiago*, que ó día seguinte de producirse lle dedicou unha cobertura de varias páxinas, e pola revista *Galicia*, que escolleu a retransmisión con América como tema de apertura do número de xaneiro de 1933. Na descrición que facía o voceiro compostelán dos momentos previos á retransmisión subliñaba que ás 15.30 horas do día 18, cando aínda faltaban 15 minutos para que se realizara a conexión con América, a afluencia de público era xa tan grande que desbordaba a capacidade do claustro e o paraninfo da Facultade de Medicina, onde se estaba a celebrar a asemblea. A pesar de todo seguía chegando xente, que se acomodaba como podía polas corredeiras ou mesmo no exterior do edificio. Na información resaltábase como a impaciencia e o nerviosismo se acrecentaban nos espectadores, un estado anímico do que o redactor estaba convencido que tamén participaban os galegos de América.

En efecto, na capital porteña os acontecementos discorreron de forma semellante, aínda que, se cabe, o impacto fora maior. A revista *Galicia* salientaba que o público, como en Santiago, tamén se anticipara ó inicio da retransmisión²⁹. Estaba prevista para as 13.00 horas, pois polo cambio de meridiano había dúas horas de diferenza coa capital galega, pero ás 12.30 o salón da entidade societaria xa tiña completo o aforo. Entre o numeroso auditorio había que engadir tamén ós “enfermos convalescentes” internados no sanatorio social da entidade, tal era o interese por escoitar a conexión en “directo”. Outra nova, esta vez de *El Eco de Santiago*, aseguraba que en Bos Aires adiantouse a saída dos obradoiros e o peche dos comercios en media hora conforme á xornada habitual para que ós numerosos galegos que

29 “Galicia ante su autonomía. Un noble gesto de nuestros hermanos de allá. Transmisión radiofónica” (xaneiro de 1933). *Galicia. Revista oficial del Centro Gallego de Buenos Aires*, p. 5.

traballaban alí lles dera tempo de escoitar a comunicación ás 11.45 horas, pero a continuación o propio cronista matizaba: “No entendimos bien si fueron todos los talleres de Buenos Aires o fueron solo los que pertenecen a hijos de Galicia, aunque creemos que haya sido en todos”³⁰.

A retransmisión comezou de forma paralela en Santiago e Bos Aires, ás 16.00 e ás 13.00 horas respectivamente e, polo menos en aparencia, todo se desenvolveu sen contratemplos, conforme ó programa previsto. A revista *Galicia* salientaba que o primeiro que escoitaron os congregados no Centro Galego foi unha alegre *riveirana* interpretada por numerosos gaiteiros. “Parecía una espléndida alborada anunciadora del nuevo resurgir de Galicia”³¹, manifestaba o cronista. O redactor de *El Eco de Santiago*, nun relato menos emotivo, describía esta peza como “aires rexionais pola gaita e o tamboril”³². A continuación, a banda municipal de Compostela, acompañada polo coro “La Artística”, interpretou o himno galego que sería coreado por todos os assembleístas³³. Xorden contradicións sobre cal foi o seguinte punto do preámbulo musical. Na versión bonaerense asegúrase que mentres aínda se escoitaban as últimas estrofas do himno de Pondal comezaron a soar as badaladas da Campá maior da Catedral “cuyo poético sonido puso en todos los semblantes un rictus de emoción profundísima”³⁴. En cambio, *El Eco de Santiago* sitúa a execución das dezaseis badaladas inmediatamente despois da finalización do himno de Riego, que fora interpretado pola Banda Municipal. É posible que o redactor de *Galicia* decidira omitir a referencia ó himno nacional para non resultar reiterativo ou ben para centrar a temática exclusivamente no que tiña que ver con Galicia, omitindo o obrigado protocolo estatal. No que si coinciden en sinalar ambas fontes é que este fora un dos momentos que agardaban con maior emoción os galegos de América.

A rolda de intervencións iniciouse co saúdo do Alcalde de Santiago, en nome de todos os municipios galegos, ós “irmáns residentes en América”. Mediante un discurso pronunciado en galego ou como dicía o redactor de *Galicia* “en el dulce idioma regional” López Pol reclamaría o apoio de todos, emigrantes e habitantes da metrópole, para que o Estatuto de Autonomía puidera facerse realidade. *El Eco*

30 “Más detalles de la comunicación con América” (23 de decembro de 1932), *El Eco de Santiago*, p. 2.

31 “Más detalles de la comunicación con América” (23 de decembro de 1932), p. 2.

32 “El alcalde de Santiago saluda a nuestros paisanos de América y le contesta el Presidente del Centro Gallego de Buenos Aires” (19 de decembro de 1932), *El Eco de Santiago*, p. 1.

33 “Galicia ante su autonomía” (xaneiro de 1933), *Galicia. Revista oficial del Centro Gallego de Buenos Aires*, p. 5.

34 “Galicia ante su autonomía” (xaneiro de 1933), p. 5.

de Santiago recollía integramente as verbas do rexedor compostelán, das que a continuación se reproducen uns fragmentos pola súa especial significación:

Galegos. A cidade de Compostela ten o alto honor de dirixirse ós seus hirmáns de Sudamérica para que por boca do seu alcalde reciban o saúdo máis agarimoso e máis enternecido que pode sentir un gran corazón, cal o de esta fermosa e histórica cidade que tantos días de gloria dou á súa terra, que hoy sempre o segue sendo, a cuna da ciencia e do arte, cuyo testimonio está patente nos seus grandes monumentos, orgullo dos galegos e admiración do mundo enteiro.

Eu quixera que este o meu saúdo que cheo de cariño lles mando, sea recollido non solo polos galegos que fora do solar da súa patria traballan pola liberdade e o engrandecemento de Galicia, sinon tamén, por todas as autoridades e todas as colectividades de sud-américa que presta calor e axuda, ca súa hospitalidade a estes nosos irmáns, os que deixando por un momento a súa terra querida, van a sementar co seu traballo e co seu comportamento, nas Repúblicas americanas, todo este amor e todo este entusiasmo que Galicia sinte por esa terra querida.

Quere o Alcalde de Compostela, meus queridos hirmáns, decirvos, tamén, que nesta vella cidade están hoxe xuntas as representacións de todos os ayuntamentos de Galicia, os cuales, en xuntanza coas agrupacións políticas, sociais e económicas elaboran o Estatuto que ha de dar Autonomía a Galicia, e, ca autonomía, a súa liberalidade tantos siglos reclamada, e preto a conseguir, gracias a nova forma de goberno, que o pobo español saudou, no glorioso 14 de abril de 1931 pola súa libérrima voluntad, expresada por solemne e sincero plebiscito³⁵.

O preámbulo pechábase coa contestación ó Alcalde compostelán polo secretario do Centro Galego de Bos Aires, Vía Golpe. O representante da entidade societaria incidía na súa intervención en que a ansiedade reinaría entre os galegos de ambas beiras do Atlántico ata que non se levase a termo a aprobación do Estatuto de Autonomía³⁶.

O acto continuou coas intervencións de Ramón Otero Pedrayo, entón deputado das Cortes constituíntes; Laureano Gómez Paratcha, vicepresidente do Congreso; Bibiano Fernández Osorio-Tafall, Alcalde de Pontevedra e doutros cargos repre-

35 “El alcalde de Santiago saluda a nuestros paisanos de América y le contesta el Presidente del Centro Gallego de Buenos Aires” (19 de decembro de 1932). *El Eco de Santiago*, p. 1. Todo apunta a que *El Eco de Santiago* non identifica correctamente o cargo do interlocutor desde Bos Aires, pois no titular fai referencia ao Presidente do Centro Galego, mentres que na crónica da retransmisión publicada pola revista *Galicia* a persoa que fala en nome da entidade aparece claramente identificada como Vía Golpe, o seu secretario, e en ningún momento se menciona a participación do Presidente.

36 “Galicia ante su autonomía” (xaneiro de 1933). *Galicia. Revista oficial del Centro Gallego de Buenos Aires*, p. 6.

sentativos. Logo de escoitarse a todos os participantes, a retransmisión finalizou cunha nova contestación do Secretario do Centro Galego. Segundo o que recollía esta crónica xornalística os galegos de América afirmaban ter escoitado perfectamente tanto os discursos coma, sobre todo, as badaladas do reloxo da Catedral, o que en principio confirmaría o éxito da retransmisión pero, como se verá máis adiante, non todo resultou como se esperaba.

El Eco de Santiago salientaba que a cerimonia se prolongou bastante máis do previsto, pois dos 15 minutos estipulados se chegara ata case corenta e cinco. Tralas verbas de despedida, López Pol deulle “las más expresivas gracias” en nome da Galicia alí presente ó “señor Abrén”, director do distrito do Norte, facendo tamén partícipe ó Director Xeneral da Compañía Nacional de España “por habernos proporcionado esta inmensa satisfacción de ponernos en contacto con nuestros hermanos de América y de que América toda oyese los graves y solemnes sonos de la campana que mide el correr el tiempo y se halla sobre la tumba de Zebedeo”³⁷. Celebraba tamén a xenerosidade da devandita Compañía por prestar os seus servizos de forma gratuíta ou, parafraseando as verbas do xornal, “sin percibir precio alguno por tan señalado favor”. Por último, no ámbito eclesiástico, os parabéns eran para o Arcebispo compostelán, por da-la orde de que non soasen as campás das igrexas e conventos no tempo que durou a retransmisión e para o Cabildo e Dean por ordenar que ás 16.00 horas o reloxo dera dezaseis badaladas, en vez das catro de rigor.

Nos días sucesivos á conexión con América o voceiro compostelán daría a coñecer unha serie de comunicados, chegados maiormente desde Bos Aires, nos que algúns dos oíntes que escoitaron a retransmisión felicitaban ós organizadores polo seu aparente éxito, ó tempo que deixaban constancia das impresións que causara no seu ánimo este achegamento das dúas galicias a través do medio radiofónico. A máis temperán foi a dun compostelán, de nome Manolo Torreira, quen a última hora do 18 de decembro remexeu un telegrama ó xornal unicamente con estas verbas: “Escuché emocionadísimo”³⁸. A mensaxe apareceu publicada ó día seguinte en *El Eco de Santiago*, que tamén reproducía nese mesmo exemplar unha comunicación por “cable”, xa algo mais extensa, do xornalista e director de *El Correo de Galicia*, Xosé Ramon Lence:

Buenos Aires, 19, a las 17,58 – Radiar – Emocionadamente escuchamos voces queridas. “El Correo de Galicia” envía cordial abrazo a assembleístas encargados robustecer gloria personalidad patria galega – Lence³⁹.

37 As crónicas xornalísticas de *El Eco de Santiago* e a revista bonaerense *Galicia* que, cubriron este acontecemento, inciden repetidas veces no feito de que se puido escoitar o son da campá “grande” da Catedral compostelán no transcurso da retransmisión.

38 “A los gallegos residentes en América” (18 de decembro de 1932). *El Eco de Santiago*, s.p.

39 “Un cable de América” (19 de decembro de 1932). *El Eco de Santiago*, s.p.

O 21 de decembro, o xornal difundía outra mensaxe enviada mediante a fórmula denominada “radiograma”⁴⁰. Ía dirixida ó Alcalde de Santiago e a asinaban desde a capital bonaerense Pedro Ruano e Darío Caamaño, presidente e secretario respectivamente da Asociación Monforte e o seu partido. Decía o seguinte: “Emocionada colectividad gallega transmisión radiofónica, interés grande Estatuto Galicia, Asociación Monforte y su partido calurosas felicitaciones assembleístas. Pedro Ruano, presidente; Darío Caamaño, secretario”⁴¹. Os parabéns chegaban dos máis diversos sectores da colectividade, mesmo desde o corpo diplomático. Así, no xornal do día 23 informábase de que ó director da Unión Radio del Río de la Plata, emisora que como se indicou contribuíra xunto a Radio Splendid de Bos Aires a facer posible a retransmisión, tamén o felicitaran varios oíntes, entre os que se encontraba o embaixador de España en Arxentina: “Este le felicitó por lo bien que se había oído todo y la gran emoción que causó en todos ellos”⁴².

4. Valoracións trala escoita

Ó marxe dos parabéns de carácter oficial ou institucional, esta experiencia comunicativa suscitou unha boa recua de opinións valorativas entre os galegos de ambas beiras do Atlántico antes, durante e despois de producirse. Estas testemuñas, que aparecen amplamente documentadas pola prensa, aportan as claves interpretativas para entender mellor as motivacións e obxectivos que propiciaran a emblemática retransmisión.

A tendencia máis estendida entre os sectores partidarios do estatuto foi interpretala en clave de éxito político, tanto polo grande interese que espertou entre os galegos de ambas beiras do Atlántico, como por constituír unha confirmación da eficacia do ambicioso aparello propagandístico promovido polos sectores favorables ó Estatuto de Autonomía Galego, unha campaña da que este acto radiofónico en particular constituía a culminación. En segundo termo, tamén se confirmaba a grande transcendencia da radio como vreiro de transmisión ideolóxica, xa que por vez primeira se lograra trasladar a mensaxe autonomista a

40 O sistema consiste en mensaxes gravadas en bovinas, nun soporte que os emigrantes galegos, ó igual que facían coas cartas ou as postais convencionais, enviaban por correo marítimo ós destinatarios da metrópole. Como é lóxico non tódolos galegos podían permitirse este sistema polo que case sempre queda circunscrito ó ámbito político ou intelectual. Unha fórmula semellante foi a que utilizou Castelao cando remexeu a súa coñecida fonopostal á colectividade de Montevideo desde Bos Aires, por mor da representación na capital uruguiaia da súa obra ‘Os vellos non deben de namorarse’.

41 “Otro radiograma” (20 de decembro de 1932), *El Eco de Santiago*, s.p.

42 “... Santiago 19 de diciembre” (23 de decembro de 1932). *El Eco de Santiago*, p. 1.

todos os galegos, os da metrópole a mailos da emigración. Certamente, non hai que menosprezar a transcendencia real e a grande significación do Estatuto de Autonomía para os galegos nunha época de cambios políticos constantes, pois aínda non pasara un ano desde a instauración da II República en España cando se iniciara a súa tramitación.

Entre os galeguistas que viviron en primeira persoa esta retransmisión destacan nomes como os de Alexandre Bóveda, Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Xosé Núñez Búa, Ramón Suárez Picallo ou Luís Seoane. Todos eles seguiron o desenvolvemento da asemblea de Concellos con especial interese, incluída por suposto a faciana radiofónica, á que nalgúns casos se referirán nos seus escritos e intervencións posteriores valorándoa sempre en termos moi favorables que resaltan a súa significación no artellamento da identidade patriótica e a unión de tódolos galegos. Nesta liña se moven as verbas escritas por Ramón Otero Pedrayo⁴³, nun artigo publicado no boletín *Galicia* de xaneiro de 1933, e tamén as de Castelao, quen varios anos máis tarde lembraba o seguimento radiofónico que tivera a asemblea do 19 de decembro na súa emblemática obra *Sempre en Galicia*, destacando de forma particular a retransmisión con América, coa que se pechou o ciclo, e cualificándoa como o mellor exemplo de democracia directa:

Por medio da radio e valéndonos de outavoces, instalados nas rúas, o pobo galego asistiu, durante tres días, ás deliberacións d-aquela magna Asambléa. A sesión de clausura transmitiuse, por fío telefónico, aos nosos emigrados de América. Este acto insólito, modelo único de democracia directa, produxo unha eclosión indescribible da vontade galega; pero pasou desapercibida para o Goberno de la República, situado a moita distancia...⁴⁴.

O certo é que tanto para Castelao como para outros galeguistas exiliados, como é o caso de Luís Seoane, debeu resultar determinante esta primeira conexión cos galegos de América e a cobertura radiofónica de todo proceso estatutario. Ó comprobar a súa grande eficacia para a transmisión de ideas entre tódolos sectores da sociedade acrecentouse en grande medida o interese de ambos persoeiros por este

43 OTERO PEDRAYO, R: "O badelar da hora gloriosa" (xaneiro de 1933). *Galicia. Revista oficial del Centro Gallego de Buenos Aires*, p. 25.

44 CASTELAO, Alfonso (1961): *Sempre en Galiza* (facsimile da 2ª edición), Edición 'As Burgas', Bos Aires: 82. En CASTELAO (1992): *Sempre en Galicia* (edición crítica). Coord. Ramón Máiz. Parlamento de Galicia, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago, p. 308. Castelao volveu a mencionar por segunda vez a retransmisión nesta mesma obra, aínda que máis brevemente, cando recreou de novo o desenvolvemento da asemblea pro estatutario: "A sesión de clausura foi transmitida telefonicamente aos emigrados galegos de Bos Aires" (p. 721).

medio, o que os animaría posteriormente a promover algunhas das iniciativas máis salientables da radio galega da emigración⁴⁵.

Nas crónicas dos xornais realizadas ó marxe do ámbito intelectual galeguista os factores que máis se tiveron en conta son os que inciden na conxuntura da diáspora galega nos primeiros anos 30. Tras varias décadas de emigración masiva artellárase en Bos Aires unha nutrida comunidade de galegos que conservaba vivos os signos de identidade e reivindicaba o seu recoñecemento pola Galicia territorial como parte súa que eran aínda que estiveran lonxe. Por esta mesma razón eran moitas as familias e amigos que levaban anos sen verse, mantendo como única vía de comunicación a correspondencia. A retransmisión non lles ía permitir contactar de novo a uns con outros, pero a efectos psicolóxicos creábase a sensación de estar alí, unidos na escoita radiofónica dun acontecemento histórico para Galicia. Diversos artigos resaltan a compoñente emotiva do acontecemento e describen en termos moi expresivos o sentimento de saudade presente entre os galegos emigrados, para quen adquiriría unha grande transcendencia a ruptura momentánea das barreiras da distancia entre Galicia e América pola maxia da palabra. A emoción e a inqueda dos ointes serían por tanto comprensibles, e así o reflectía *El Eco de Santiago* na entusiasta crónica que publicara o día anterior á retransmisión:

¡Qué día para todos los gallegos de América! Ese sí que va a ser ¡Día de Galicia! Quién sabe, y no sería extraño que los aparatos nos transmitiesen el “tic tac” de impaciencia y emoción de tantos miles de corazones, como esperarán la hora ansiada de las tres y cuarenta y cinco de la tarde⁴⁶.

Desde Bos Aires a revista *Galicia* tamén parece amosar un especial interese en destacar o sentimento de saudade experimentado polos emigrantes que, de feito, utilizouse como fío argumental da crónica editorial que precedía á cobertura do acto. O redactor incidía, ó igual que *El Eco de Santiago*, no valor simbólico das badaladas da Catedral, pois, de feito, o artigo en cuestión levaba por título “Lo que nos dijeron las campanas”⁴⁷ e nel reproducíanse fragmentos literarios de Rosalía e Alfredo García Ramos, aludindo metaforicamente ó son das badaladas. O redactor

45 Castelao estaría detrás, como inspirador e en certa maneira promotor, das audicións *Galicia*, de Maruxa Villanueva, e *Recordando a Galicia*, de Maruxa Boga. Pola súa parte Luís Seoane conduciu durante varios anos a audición *Galicia Emigrante*. Ver BLANCO ROSAS, Xesús (2015): *Historia da radiodifusión galega en Arxentina (1930-1984)*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela, pp. 129-131.

46 “A los gallegos residentes en América” (18 de decembro de 1932), *El Eco de Santiago*, 18 de decembro de 1932, s.p.

47 “Lo que nos dijeron las campanas” (xaneiro de 1933). *Galicia. Revista oficial del Centro Gallego de Buenos Aires*, p.3.

describía así a fonda emoción que se apoderou do público congregado no salón de actos do Centro Galego:

Si el articulista hubiera estado con nosotros en aquellos instantes de emoción racial, en que, más, mucho más que el sonido metálico había algo que nos oprimía el cerebro; si nos hubiera visto a jóvenes y viejos, tratando de ocultar, con fingida sonrisa, lágrimas que pugnaban por brotar de las cis-ternas sin que una sola palabra – Una tan sola – pudiéramos pronunciar, si hubiera visto a los enfermos convalecientes internados en el sanatorio social tratando de captar más nítidamente las ondas del aparato receptor, comprendería que aquí en América todavía existe un corazón muy grande para cuanto nos hable de la tierra lejana⁴⁸.

Outro sentimento presente entre os emigrantes, que tamén aparece expresado reiteradamente nestas valoracións xornalísticas, era o desexo de que co desenvolvemento da tecnoloxía radiofónica, empezaría a establecerse un contacto máis estreito coa terra de orixe. Confiaban, en definitiva, en que a partir desta primeira retransmisión, á que se esperaba que lle seguisen moitas máis, na Galicia territorial se comezara a prestar unha maior atención ós galegos da diáspora. Así o expresaba o editorial de *Galicia*:

Las campanas nos dijeron que la Galicia de allá empieza a comprender a la Galicia de acá. Aquellos sonidos nos dijeron tantas cosas, que, lejos de ser “as queixas dos mortos cando veñen cos vivos a falar”, como escribía Lamas Carvajal, nos hablaban de una Galicia dispuesta a redimirse, digna del momento de asombrosa renovación porque atraviesa, compenetrada con sus destinos para ser lo que antes fue: madre y señora de pueblos⁴⁹.

Existía a idea, bastante xustificada por outra parte, de que a imaxe que tiñan na metrópole da emigración e dos galegos emigrados non se correspondía coa realidade e que se estaba a difundir unha visión falsamente idílica do proceso⁵⁰, cando a realidade era moi diferente. A este respecto o mesmo voceiro salientaba a contribución desta retransmisión no fomento dun cambio de mentalidade na Galicia territorial: “en instantes de verdadeira significación para Galicia, ya que se trata del Estatuto regional, se pensaba -al fin- por primera vez, ya que allá también

48 “Lo que nos dijeron las campanas” (xaneiro de 1933), p. 3.

49 *Ibidem*.

50 As diferentes percepcións que teñen os galegos da emigración e dos emigrantes analízanse amplamente en MOYA, José Carlos (13 de decembro de 1989): “Parientes y extraños: Actitudes hacia los inmigrantes españoles en la Argentina en el siglo XIX y comienzos del siglo XX”. *Revista de Estudios Latinoamericanos*. 499-523; e tamén en BLANCO ROSAS Jesús J (2002): “A cultura da emigración a América no imaxinario colectivo”, en Xavier Castro e Jesús de Juana (Dir. 2002): *XI Xornadas de Historia de Galicia. Historia da Cultura en Galicia*. Deputación Provincial de Ourense, 79-130.

son hombres nuevos, que los gallegos emigrados no somos los famosos indianos de chaleco blanco y leontina de oro que se encargaron de propagar los Zarzueleros del Guadarrama”⁵¹.

A retransmisión entre Santiago e Bos Aires, constituía ademais unha das primeiras experiencias de ámbito internacional da historia da radiodifusión. Un fito comunicativo propiciado polos grandes avances técnicos no desenvolvemento da telefonía e a radiodifusión, sistemas de comunicación aínda recentes que a penas tiveran tempo de seren asimilados pola poboación galega, para quen resultaba impensable tan só uns anos antes desenvolver unha empresa destas características. Por elo algunhas das valoracións xornalísticas, menos abundantes cas outras, incidían no carácter novidoso do acontecemento polo que tiña de avance técnico e científico⁵².

Un eficaz instrumento de propaganda para espallar a mensaxe galeguista, chegando ata a colectividade, o vieiro ideal para a unión dos galegos de ambas beiras do Atlántico, amosando ó mesmo tempo a verdadeira realidade da emigración, un milagre científico e tecnolóxico... Eran moitas as valoracións ás que daría pe este fito comunicativo do 19 de decembro de 1932 e todas elas contribuíron a cimentar unha serie de cambios que repercuten non só na mellor valoración social dos medios de comunicación senón tamén, a un nivel máis profundo, a modificar a súa concepción do mundo tal e como o coñecían. A realidade xa non podía considerarse inmutable. As distancias acurtábanse cada vez máis grazas ós avances científicos e técnicos e todo parecía posible.

5. Éxito ou fracaso?

Había temores máis que fundados sobre a calidade que acadaría a escoita, sobre todo considerando a grande complexidade do enramado técnico establecido para facer posible a retransmisión, unha instalación, como se veu, diseminada en múltiples emprazamentos na que calquera mínimo faio nunha das partes podía dar ó traste de todo o conxunto. A xulgar polos múltiples parabéns chegados desde Galicia e Bos Aires, cabería pensar que esta primeira conexión radiofónica foi un éxito sen paliativos. “Se escuchó con sorprendente nitidez, empañada tan sólo por la lógica emoción de los oyentes”⁵³, salientaba o xornal *Galicia* desde a capital porte-

51 “Lo que nos dijeron las campanas” (xaneiro de 1933). *Galicia. Revista oficial del Centro Gallego de Buenos Aires*, p. 3.

52 “... Santiago 19 de diciembre” (23 de decembro de 1932), *El Eco* de Santiago, p.1.

53 “Galicia ante su autonomía. Un noble gesto de nuestros hermanos de allá. Transmisión radiotelefónica” (xaneiro de 1933). *Galicia. Revista oficial del Centro Gallego de Buenos Aires*, p. 5.

ña. O mesmo ton parecen amosar algunhas das felicitacións dos oíntes difundidas nas páxinas de *El Eco de Santiago*. Porén, estas reaccións correspondese maiormente coas persoas que tanto en Santiago de Compostela coma en Bos Aires estiveron presentes como público nos emprazamentos desde os que se realizou a retransmisión radiotelefónica, nos que previamente se instalaran altofalantes e micrófonos para que todos os presentes puideran escoitar o que se dicía, de modo que o que escoitaron non foi a retransmisión senón a conversa telefónica amplificada entre os interlocutores de ambos países. Habería que preguntarse por tanto como foi realmente a escoita dos actos a través dos aparellos de radio.

Ó día seguinte de producirse a retransmisión e nun curioso alarde de obxectividade xornalística *El Eco de Santiago* publicaba unha información titulada “La emisora prudente y reservada. Lo barato es caro”⁵⁴, na que facía sorprendentes revelacións sobre os verdadeiros resultados da súa escoita radiofónica. “No sólo no se oyó en América ni España, ni en las radios de la ciudad sino que ni aún se pudo oír en los claustros del edificio y todo ello por proceder en cosas y asuntos de tan vasta importancia con demasiada ligereza y concepto apasionado de la economía, que es buena, pero no en trajines como el presente”, salientaba o xornal.

Das diferentes comisións encargadas de organizar o evento as culpas recaían directamente sobre a Compañía Internacional de Radio, adxudicataria da retransmisión⁵⁵. Para o xornal a solución ideal tivera sido encargar este cometido á Compañía Nacional Telefónica de España que, de feito, foi quen propiciou a comunicación por “fíos metálicos” entre Santiago e Madrid e que no seu momento presentara unha promoción de 18.000 pesetas pola que se ofrecía a adxudicar a conexión radiotelefónica con América por un espazo de tres meses, garantindo que os altofalantes se escoitarían a un quilómetro e medio do edificio da asemblea e que o aparello emisor podería captar todos os sinais de radio de España e Portugal. Indicábase ademais que, grazas a esta tecnoloxía, todo o da asemblea se escoitaría en América. Para elo contaba cunha dotación de enxeñeiros e técnicos cualificados que vixiarían calquera posible defecto nas comunicacións “Es decir, todo lo que ha hecho ayer completamente gratuito a favor de Galicia [a Compañía Internacional de Radio] la Compañía Nacional Telefónica de España, lo hubiera hecho durante los tres meses por las 18.000 pesetas”, afirmaba a crónica. Loxicamente, esa cantidade nos anos 30 constituía un desembolso considerable para as arcas públicas, pero o cronista tamén parecía contar cunha solución para iso. Facéndose eco das propostas da Compañía Telefónica, salientaba que o custe

54 “La emisora prudente y reservada. Lo barato es caro”(20 de decembro de 1932), *El Eco de Santiago*, p. 1.

55 Non confundir este sistema coa conexión telefónica por fíos que, como se indicou, foi asumida pola Compañía Nacional Telefónica de España.

podería reducirse á metade coa inserción de avisos publicitarios. Concretamente, có importe dos anuncios que a firma Radiodifusión se ofrecía a mandar a Madrid e os que puidera recoller a comisión en Galicia: “Ayer nos decía cierta persona: Yo hubiese dado una fuerte suma por el anuncio de mi casa”⁵⁶.

A continuación, e probablemente para que o seu posicionamento en favor da Compañía Telefónica non resultase demasiado evidente, o redactor engadía que daba o mesmo a entidade á que se adxudicara a conexión sempre e cando cumprira co seu cometido. Consideraba que isto era preferible ós “enormes prexuízos” que estas deficiencias causaran á propaganda pro estatutaria, pois estaba seguro de que os sectores antigaleguistas non dubidarían en sacar partido desta fatalidade, utilizándoa na súa contra: “Es un desacierto del que se aprovecharán nuestros “amigos” para decir que no sabemos hacer las cosas. Pero el mal ya está hecho y ahora solo queda buscarle remedio”⁵⁷.

Ó día seguinte, no que semella unha clara tentativa de respostar a estas críticas, visitou a delegación do xornal un membro da comisión organizadora da asemblea, a quen non se identifica⁵⁸. O interlocutor viñera expresamente para explicar como certas circunstancias “a veces más poderosas que la voluntad” dificultaran o anhelo de emitir satisfactoriamente as sesións dos pasados días, declaracións que constitúen unha proba evidente do fracaso da retransmisión. Na mesma liña argumental que apuntara anteriormente o xornal, a entidade xustificábase aducindo que non se lle concedera o prazo solicitado para dispor todo correctamente e que, ó iniciarse as “sesións” antes do seu vencemento, a montaxe técnica non se puidera completar a tempo. Porén, o mesmo persoeiro comprometéase a que a emisora que se estaba a instalar en Santiago⁵⁹ funcionaría e que se estaba a proceder xa neses momentos e “con toda diligencia” ó montaxe da estación para que se puidera radiar o labor de propaganda que sería necesario facer do Estatuto no futuro.

6. Un legado para a posteridade

O importante legado que deixou tras de si esta primeira conexión radiofónica entre Galicia e América resulta claramente perceptible cando se pon en relación

56 “La emisora prudente y reservada. Lo barato es caro” (20 de decembro de 1932), *El Eco de Santiago*, p. 1.

57 *Ibidem*.

58 “La emisora funcionará” (21 de decembro de 1932), *El Eco de Santiago*, p. 1.

59 Como xa se indicou a retransmisión de toda a campaña a favor do Estatuto os días pasados foi unha sorte de proba piloto encamiñada a verificar o futuro establecemento en Santiago da primeira emisora de radio coa que contaría Galicia.

coa evolución posterior do sistema radiofónico galego, tanto na Galicia territorial coma no exterior. En primeiro lugar, o desenvolvemento desta iniciativa amosou as grandes posibilidades da radio posta ó servizo da colectividade galega e o destacado papel que podía desenvolver como viero de comunicación alternativo á prensa entre a Galicia emigrada e a territorial, coa vantaxe engadida de resultar máis accesible para o público, xa que non era necesario saber ler ou escribir para escoitar a radio.

Ao mesmo tempo, a retransmisión puxo de manifesto as excelentes infraestruturas radiofónicas coas que contaba Arxentina para o desenvolvemento de iniciativas relacionadas con Galicia neste medio. Na metrópole serviría, como se indicou en repetidas ocasións, como punto de partida para a posta en antena de EAJ 4 Radio Galicia e a posterior implantación das emisoras que configuraron a primeira rede radiofónica galega. En América, máis concretamente en Bos Aires, resultou determinante na configuración nos anos sucesivos dunha rede de audicións galegas pro galeguistas de alta calidade, ó quedar gravada na memoria colectiva dos intelectuais que logo promoverían esas históricas audicións da galegitude.

A partir desta histórica posta en antena entre as dúas Galicia, a radio serviría máis que nunca para unir a un pobo dividido pola emigración, converténdose primeiro en complemento e posteriormente en digna sucesora da prensa como medio de comunicación con grande poder de convocatoria para toda a sociedade.

FONTES DOCUMENTAIS

- Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos (IPSEG), Fondos del Estatuto de Autonomía (FEA), caixa 2. “Asamblea preparatoria sobre el Estatuto Gallego. Anuncio”, asinado polo Secretario da Comisión Organizadora, datado o 5 xuño de 1932.
- IPSEG, FEA, caixa 1, carpeta 11, doc. 1. “Presupuesto para instalaciones de equipo microamplificador y estación microtransmisora para. La Asamblea del Estatuto de Galicia”, presentado por Rodrigo Rodríguez Santiago (agencia oficial de Philips Radio), datado o 24 de novembro de 1932.
- IPSEG, FEA, caixa 1, Carpeta H, doc. 3. “Memorandum de la Compañía Telefónica Nacional de España”, datado o 30 de novembro de 1932.
- IPSEG, FEA, caixa 2. Telefonema remitido polo Director de Telefónica, en Madrid, ó Alcalde de Santiago, López Pol, autorizando a retransmisión con América, datado o 17 de decembro de 1932.
- IPSEG, FEA, caixa 4. Borrador dunha carta remitida polo Alcalde de Santiago ó Dean da Catedral de Santiago, solicitando a petición ó Cabildo de que pasadas as catro da tarde se dean doce badaladas máis para que poidan escoitarse na retransmisión con América da asemblea do Estatuto de Autonomía, datado o 19 de decembro de 1932.
- IPSEG, FEA, caixa 2. Telefonema remitido pola Alcaldía de Santiago, López Pol ó Director de Telefónica, en Madrid, sen data pero situable no 19 de decembro de 1932, ou nos días seguintes.
- IPSEG, FEA, caixa 2. Telegrama remitido polo presidente e o secretario da Asociación de Monforte y su Partido ó Alcalde de Santiago, sen data pero situable o 19 de decembro de 1932 ou nos días seguintes.
- IPSEG, FEA, caixa 7, carpeta A7, doc. 49. Saluda del Secretario de la Liga Compostelana pro-Estatuto, datado o 21 de xaneiro de 1933.

TESTEMUÑOS EN PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS E MONOGRAFÍAS

- “Sesión del Comité Central y la Asamblea de Representantes de Galicia – 26 de noviembre de 1933”. CORES TRASMONTA, Baldomero (comp. 1976): *El Estatuto de Galicia (actas y documentos)*. Librigal, A Coruña, pp. 151-155.
- “A los gallegos de América. El lunes hablará el alcalde a los gallegos de América. Oirán a nosa gaita y la Banda Municipal y por último las campanas de la Catedral”. *El Eco de Santiago*, 17 de decembro de 1932, p. 3.
- “La autonomía gallega y la asamblea de ayuntamientos”. *La Voz de Galicia*, 17 de decembro de 1932, s.p.

- “A los gallegos residentes en América”. *El Eco de Santiago*. 18 de decembro de 1932, s.p.
- “Ante la Asamblea del Estatuto para Galicia”. *La Voz de Galicia*. 18 de decembro de 1932, s.p.
- “El alcalde de Santiago saluda a nuestros paisanos de América y le contesta el Presidente del Centro Gallego de Buenos Aires”. *El Eco de Santiago*, 19 de decembro 1932, p. 1.
- “Otro radiograma”. *El Eco de Santiago*, 20 de decembro de 1932, s.p.
- “Terminó la Asamblea del Estatuto en Santiago”. *La Voz de Galicia*, 20 de decembro de 1932, s.p.
- “La emisora prudente y reservada. Lo barato es caro”. *El Eco de Santiago*, 20 de decembro de 1932, p. 1.
- “La solemne sesión de clausura. Los gallegos de América escuchan la voz emocionada de tierra libre ya. Una emoción de galleguidad”. *Pueblo Gallego*, 20 de decembro de 1932, s.p.
- “La emisora funcionará”. *El Eco de Santiago*, 21 de decembro de 1932, s.p.
- “... Santiago 19 de diciembre”. *El Eco de Santiago*, 23 de decembro de 1932, p. 1.
- “La emoción de los gallegos de América”. *El Eco de Santiago*, 23 de decembro de 1932, s.p.
- “Más detalles de la comunicación con América”. *El Eco de Santiago*, 23 de decembro de 1932, p. 2.
- “Unión Radio Compostela”. *El Eco de Santiago*, 24 de decembro de 1932, s.p.
- “Lo que nos dijeron las campanas” *Galicia. Revista oficial del Centro Gallego de Buenos Aires*, xaneiro de 1933, p. 3.
- “Galicia ante su autonomía. Un noble gesto de nuestros hermanos de allá. Transmisión radiofónica”. *Galicia. Revista oficial del Centro Gallego de Buenos Aires*, xaneiro de 1933: 4-6.
- OTERO PEDRAYO, R (xaneiro de 1933): “O badelar da hora gloriosa”, *Galicia. Revista oficial del Centro Gallego de Buenos Aires*, xaneiro de 1933, p. 25.

BIBLIOGRAFÍA

- BLANCO CAMPAÑA, Xosé Luís (1995): *Radio e prensa na Galicia Exterior*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- BLANCO ROSAS, Jesús José (1999): “A cultura da emigración a América no imaxinario colectivo dos galegos”, en CASTRO PÉREZ, Xavier - DE JUANA, Jesús: *XI Xornadas de Historia de Galicia*. Ourense, Deputación Provincial de Ourense.
- BLANCO ROSAS, Jesús José (2000): “A laboura comunicativa de Luís Seoane no exilio”, en *IX Semana Galega de Historia*. Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores.

- CAGIAO VILA, Pilar (1992): “Cinco siglos de emigración gallega a América”, en VIVES, Pedro A et all: *Historia general de la emigración española a Iberoamérica*. Madrid, Historia 16, pp. 293-316.
- CASTELAO, Alfonso: *Sempre en Galiza*. (Edición crítica, 1992). Coordinador, Ramón Máiz; autores, Justo G. Beramendi e outros. Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 720-721.
- CASTRO PÉREZ, Francisco Xavier (1985): *O galeguismo na encrucillada republicana*. Ourense, Deputación Provincial de Ourense.
- El Estatuto de Galicia* (1976). A Coruña, Librigal, p. 152.
- FERNÁNDEZ, Carlos (1988): *La Guerra Civil en Galicia*, en Biblioteca Gallega. La Voz de Galicia, pp. 269-271.
- HUESO MONTÓN, Ángel Luís (1990) “Los medios audiovisuales en la campaña del Estatuto de 1936”. *El Museo de Pontevedra*, tomo XLIV. Pontevedra, Museo de Pontevedra, pp. 757-768.
- MANEIRO VILA, Arturo (2008): “Unión Radio Galicia: a emisora do Estatuto”, en *Grial* 180, pp. 28-35.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Luís (1996): *Fernando Iglesias “Tacholas”, un actor auriense na Galicia ideal*. Sada (A Coruña), Edicións do Castro.
- VILANOVA RODRÍGUEZ, Alberto (1966): “Emisiones radiales”. *Los gallegos en la Argentina*. Vol. 2. Buenos Aires, Ediciones Galicia, p. 1422.

